

Ferramentas informáticas para empresas. Interoperabilidade

Proxecto Interreg IVC ICHNOS Plus

- Quen somos - Colaboracións -

Publicado: 5 de xullo do 2010



As **ferramentas informáticas** coas que conta hoxe unha empresa deben considerarse un ben máis da mesma.

Deben ser **eficaces, manexables, seguras** e dirixidas a **reducir custes**. Os sistemas e as ferramentas informáticas coas que conta o tecido empresarial deben comunicar entre si, xa non só dentro da empresa, senón poder interoperar con clientes e Administracións.

A **evolución** das ferramentas *Open Source Software* (OSS) e estándares abertos, poñen a disposición do empresario aplicacións e paquetes que lle permiten integrar todas as áreas: xestión de almacén, produción, vendas, contabilidade, comunicacións e atención ó cliente.

Para que unha empresa resulte **competitiva** necesita adaptarse ós **cambios tecnolóxicos**.


As aplicacións e TIC que cada empresa necesita deben adaptarse ás necesidades, e a cada momento evolutivo da empresa. Unha empresa pode sufrir cambios que xeren novas necesidades.

Poder **actualizar e adaptar** as ferramentas que estean utilizando, sen custes, é de vital importancia.

A fluidez e rapidez no fluxo de traballo é outra das premisas que os empresarios necesitan. Así como presentar un interface de usuario amigable.

A unión de todos estes factores favorece a interoperabilidade.

integración de aplicaciones empresariales



Vantaxes das ferramentas informáticas para empresas

- Comunicación rápida e fluída entre departamentos, con clientes e Administracións.
- Busca de provedores e clientes.
- Seguridade, ante perda de información ou virus.
- OSS.
- Aplicacións integradas.
- Fluidez no fluxo de traballo.
- Novas estratexias de marketing (e-mail marketing, fidelizar clientes, ...).
- Servizos e ferramentas web.
- Adaptación a novas tecnoloxías.
- Reducir custes.



++++

Interoperabilidade en empresas

Interoperabilidade: "A capacidade dos sistemas baseados en tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e dos procesos empresariais baseados nelas para intercambiar datos e permitir a posta en común de información e coñecementos". (Proxecto ICHNOS. Sic.)

Os **principios de interoperabilidade** son: accesibilidade, seguridade, protección de datos de carácter persoal, estándares abertos, software libre, solucións multilaterais.

As TIC e linguaxes entre equipos teñen que entenderse.

A interoperabilidade das ferramentas informáticas beneficia á empresa ofrecendo vantaxes, como son: software libre e estándares abertos, rapidez, usabilidade, expansión e fluidez.

Áreas a tratar

- Interoperabilidade **organizativa**

Nela interveñen todos os procesos, para o bo funcionamento da empresa.


- Interoperabilidade **técnica**

Combinación de solucións TIC e software que fan posible a interoperabilidade.

- Interoperabilidade **semántica**

A información que se intercambia está accesible a todo o ámbito no que interopera a empresa, de maneira segura e

fiable.



++++

Ferramentas que favorecen a interoperabilidade.

As ferramentas de código aberto coas que contan as empresas son moitas, algúns exemplos:

Ferramenta	Produto	Descrición
Ofimática	OpenOffice	Procesador de textos, folla de cálculo, presentacións, base de datos, e outras ferramentas.
E-mail	Thunderbird	Cliente de correo electrónico
Xestión de contidos	Drupal	Publicar e xestionar: blogs, web empresa, aplicacións de Intranet.
E-commerce	OsCommerce	Plataforma de comercio electrónico. Pódense construír, xestionar e manter negocios online.
Mensaxería	Pidgin	Cliente de mensaxería instantánea.
Transferencia de ficheiros	Filezilla	Fiável e moi rápido FTP, FTPs e SFTP con unha interface intuitiva.
CRM (Customer Relationship Management)	SugarCRM	Xestionar as relacións cos clientes, venda e marketing.
ERP (Enterprise Management System)	Openbravo	Planificar recursos empresariais: xestión de almacén, inventario, contabilidade,....

Os custes para implementar ferramentas informáticas nas empresas resultan moito menores.

Para poder utilizar este tipo de ferramentas a empresa non ten que pagar licenzas.

Vantaxes para empresas

- **Baixo custe.**
 - **Rapidez** na solución de problemas.
 - **Usabilidade**, interface de usuario amigable. **Accesibilidade** a todos os departamentos.
 - **Expansión** da carteira de clientes.
 - **Fluidez** nas comunicacións.
 - **Eficiencia.**
-



++++

Conclusión

As ferramentas informáticas coas que conta o tecido empresarial camiñan cara a integración de aplicacións (EAI), e a interoperabilidade.

As ferramentas de estándares abertos e OSS (*Open Source Software*), CRM (*Customer Relationship Management*), facilitan ás empresas poder acceder, intercambiar, compartir e protexer a información.

O uso e adaptación de ferramentas informáticas, por parte das empresas, é primordial para a súa expansión e competitividade.

Integrar todos os procesos, asegura unha fluidez no traballo, así como unha redución de custes.

A seguridade ten unha importancia clave, tanto para a integridade de datos, como para a protección do sistema (virus, ...)

Sobre 3 piares: **empresa, datos e TIC**, baséase a interoperabilidade empresarial.



(PDF - 185.1 KB)

Versión optimizada para PDF

Fonte de datos:

